

PREGUNTA DE AER SOBRE A PREVISIÓN DE GASTO DA URBANIZACIÓN DO NOVO COLEXIO NA FINCA DA XINARIA

PLENO 29 NOVIEMBRE 2018. ACTA 13/2018

Sobre a previsión de gasto da urbanización do novo colexio na finca da “Xinaria”. Na sesión de preguntas do pleno ordinario do pasado mes de outubro, AER preguntaba sobre as partidas de gasto das obras da Alameda de Redondela. Na súa contestación, o alcalde afirmou que “o ano pasado tiñamos como obxectivo principal do remanente cumprir coa humanización do entorno do colexio Igrexa. Ao final había unha previsión e os cartos que realmente foron necesarios foron moi superiores”. Tendo en conta estas palabras de Javier Bas sobre este aumento de gasto nas obras de humanización da finca “gratis” da Xinaria, PREGUNTAMOS

A que cantidade ascende o aumento de gasto nas obras de humanización do entorno do colexio “gratis” de Audasa?

O Alcalde Javier Bas di, *vostedes tiveron acceso ao expediente, saben como vai isto do remanente, recursos para facer a obra e logo vai a licitación. O plantexamento inicial tiña unha estimación en torno aos 600.000 euros pero non podíamos quedarnos cortos porque o proxecto aínda non o tiñamos. Cando deron o importe definitivo hai un importe de 865.000 euros. Como a licitación non se adxudicou no ano 2017 non tivemos coñecemento da baixa ata o ano 2018. Despois a licitación baixou a 543.000 euros, pero nos afectou ao remanente porque se adxudicou no 2018.*